



Concello de Mugardos
(A Coruña)

14/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2021.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 29 de setembro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, Dna. María del Pilar Díaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, Dna. Marta Ruiz del Ganso e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asisten, con excusa, os concelleiros D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, D. José Ángel Martínez Bardanca e D. Ignacio Fernández Fernández. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

INCIDENCIA: Faise constar que debido a un fallo no equipo de grabación non se puido levar a efecto a grabación do audio da sesión e, en consecuencia, na presente acta faise constar unicamente a parte dispositiva dos acordos adoptados e un breve resumo da única intervención que se ten producido no turno de rogos e preguntas.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2021-0954 E NÚM. 2021-0955.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-0954, de 15.09.2021**, sobre avocación de competencia pola alcaldía para a aprobación plan seguridade e saúde das obras de reforma e ampliación da EIM As Lagoas, ao abeiro do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Mugardos. Expte. 509/2021.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-0955, de 16.09.2021**, sobre rectificación do erro material padecido na resolución da alcaldía núm. 954/2021, do 15.09.2021 de avocación de competencia pola alcaldía para a aprobación plan





Concello de Mugardos
(A Coruña)

seguridade e saúde das obras de reforma e ampliación da EIM As Lagoas, ao abeiro do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Mugardos. Expte. 509/2021.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2021-0964.

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-0964, de 20.09.2021**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde o 21 de setembro de 2021.

3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2021-0864 Á 2021-0975, AMBAS INCLUSIVE.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2021-0864 á 2021-0975, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

A sra. Ruiz del Ganso formula dous rogos, o primeiro deles relativo ao retranqueo das liñas de media tensión, dado que dito retranqueo non aparece recollido no proxecto da senda peonil e ciclista entre Franza e Rilo, e outro relativo á necesidade de acelerar o procedemento para a concesión de axudas ao ensino e o transporte.

E sendo as dezanove horas e trinta e tres minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE

